



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

exp. 2019/G003/000195

DECRETO

**ASUNTO:** MODIFICACIÓN BASE 5ª CONTRATACIÓN TÉCNICO MUSEO DA PESCA.

**EXPEDIENTE:** 2019/G003/000195

**ANTECEDENTES:**

Non presentándose aspirantes á praza convocada para prestar servizos como Técnico para o Museo da Pesca coa subvención outorgada pola Excm. Deputación Provincial, esta Alcaldía acorda:

**1º.- Efectuar a seguinte modificación nas Bases Específicas que para dita contratación en réxime laboral eventual, foron aprobadas mediante resolución desta Alcaldía de data 28/06/2019:**

**BASE 5ª : REQUISITOS**

- a) Ser maior de dezaioito anos.
- b) Posuír Titulación Universitaria relacionada directamente co ámbito da xestión de Museos (Historia da Arte, Historia, Xeografía, Arqueoloxía, Artes e Humanidades, Belas Artes ou similares) e ou da Xestión do Patrimonio Natural (Bioloxía).
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo.
- d) Que non fora separado mediante expediente disciplinario do Servizo da Administración.
- e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/84, do 26 de decembro, do persoal ó servizo das Administracións Públicas.
- f) Certificado de lingua galega Nivel 4 (Celga 4) ou equivalente.

**2º.- Manter vixentes o resto das bases da convocatoria.**

Mandouno e asina o Sr. Alcalde en Fisterra, a oito de xullo de dous mil dezanove, do que eu, como secretario, de que certifico.

**O ALCALDE,**

José Marcote Suárez

**ANTE MIN**

**O SECRETARIO,**

José Ramón Lema Fuentes